

A Universidade de Vigo por Palestina

En maio de 2024, despois de 6 meses de ataques do exército israelí, Gaza vive nunha situación autenticamente desesperada: 2 millóns de persoas desprazadas dos seus fogares, máis de 35.000 mortos, deles 15.000 nenos e nenas, 10.000 persoas desaparecidas, hospitais, escolas, universidades destruídas, unha poboación que se enfrenta á fame e á morte polo cruel bloqueo de axuda humanitaria imposto por Israel. Están vivindo quizais a fase final dun proceso que comezou en 1948.

O pobo palestino vive esta situación enfrontándose á inacción e á conivencia de moitos gobernos que prefiren agarimar as súas relacións diplomáticas, comerciais e xeoestratéxicas con Israel e pechan os ollos perante o masacre dun pobo. Nestes momentos, semella que comeza a haber movementos cara unha condena explícita do Estado de Israel polas súas teimosas violacións dos dereitos humanos máis básicos, quizais o máis salientable a decisión da Fiscalía do Tribunal Penal Internacional da Haia do 20 de maio de 2024.

Segundo un informe da ONU publicado o 18 de abril de 2024, despois de 6 meses de ataques militares, máis de 5.479 estudantes, 356 profesores e profesoras, dos cales 95 eran da Universidade, morreron en Gaza, e 7.819 estudantes e 756 profesores e profesoras quedaron feridos. Máis do 60% das institucións educativas están destruídas, incluídas 13 bibliotecas públicas. A última universidade de Gaza, a Universidade de Israa, foi demolida o 17 de xaneiro de 2024. O ataque contra as institucións educativas palestinas non se debe ao azar, senón que é unha acción planificada con grande precisión, destinada a esboroar os alicerces da cultura e da sociedade Palestina. Queren, cos ataques ás escolas e universidades, converter en cachotes o futuro dun pobo.

A Universidade de Vigo viviu estes últimos meses en medio dunha grande desmobilización. Ás concentracións que houbo nos distintos campus dende o mes de novembro só se achegou un número reducido de persoas. Pola volta da primeira semana de maio, un grupo de profesores e profesoras, alumnas e alumnos e PAS decidiu constituírse como un colectivo denominado "Uvigo por Palestina" para tentar mover a nosa Universidade cara a un compromiso activo co sufrimento indescribable do pobo palestino. Unha universidade pública debe estar sempre a prol da crítica, da denuncia da guerra, da colaboración coa xente máis desfavorecida neste mundo desapiadado. Debe berrar con afouteza un "non á barbarie".



NON QUEDAN UNIVERSIDADES
EN GAZA

ASAMBLEA ABERTA POR PALESTINA

Campus das
Lagoas,
Edificio
Miralles,
Sala 1

16:00
Mércores 29

E TÍ, UVIGO, ¿QUE FACIAS DURANTE O
XENOCIDIO?

Daquela, queremos que a Universidade de Vigo coñeza as reivindicacións que aparecen a seguir, baseadas na denuncia da situación actual pero tamén na demanda dunha colaboración estratéxica da nosa institución coa reconstrución de Gaza e, moi especialmente, coa reconstrución das universidades e de todo o sistema educativo. Estas reivindicacións tamén teñen como esteo a condena explícita da violencia contra as persoas polas súas ideas políticas, relixión ou orixe étnica, persoas abouxdadas polo discurso de odio que vai alagando paseniñamente as nosas sociedades.

1. Exiximos o remate inmediato das accións bélicas do exército israelí na franxa de Gaza, así como de todas as accións que, contra o Dereito Internacional, por acción ou omisión, segue a levar a cabo o goberno de Israel nos territorios ocupados.

2. Exiximos, asemade, coa mesma forza e convicción, o cesamento da violencia contra calquera vítima inocente desta situación, sexa quen for, violencia exercida por medio de torturas e secuestros.

3. Exiximos que o goberno de España rompa as súas relacións diplomáticas e comerciais con Israel e que deteña e bloquee de inmediato todo o fornecemento de armas. Tamén solicitamos que se suspenda o Acordo de Asociación UE-Israel por non se cumpriren as súas cláusulas no que atinxe ao respecto dos dereitos humanos. Este acordo de 1995 é o que permite que Israel sexa o país de fóra da UE máis financiado polo Consello Europeo de Investigacións, a través de 936 proxectos de colaboración entre universidades europeas e israelís.

4. Exiximos unha condena clara e explícita da destrución á mantenta das universidades palestinas na franxa de Gaza e dos ataques a estudantes, profesorado e persoal universitario que está realizando Israel.

5. Exiximos que se evite calquera forma de colaboración coas universidades israelís que practiquen o *apartheid* co estudantado palestino, sexan coniventes co xenocidio ou contribúan ás estratexias israelís de expansión, colonización, anexión, espolio de recursos e modificación demográfica do territorio palestino ocupado, por estas prácticas seren contrarias ao Dereito Internacional. Todo o anterior obriga á suspensión, con efecto inmediato, da cooperación con institucións académicas israelís, empresas e centros asociados, públicos ou privados, mentres Israel estea a realizar os seus ataques á poboación palestina, tanto en Gaza coma en Cisjordania e non cumpra coas súas obrigas como forza ocupante. Xa que logo, pedímoslle á Universidade de Vigo que revise, e suspenda cando for necesario, os acordos e proxectos de colaboración, docentes e de investigación, coas universidades israelís.

En maio de 2024, despois de 6 meses de ataques do exército israelí, Gaza vive nunha situación auténticamente desesperada: 2 millóns de persoas desprazadas dos seus fogares, 35.000 mortos, deles 11.000 nenos e nenas, hospitais, escolas, universidades destruídas, unha poboación que se enfrenta á fame e á morte polo cruel bloqueo de axuda humanitaria imposto por Israel. Están vivindo quizais a fase final dun proceso que comezou en 1948.

Despois de 6 meses de ataques militares, máis de 5.479 estudantes, 356 profesores e profesoras, dos cales 95 eran da Universidade, morreron en Gaza, e 7.819 estudantes e 756 profesores e profesoras quedaron feridos. Máis do 60% das institucións educativas están destruídas, incluídas 13 bibliotecas públicas. A última universidade de Gaza, a Universidade de Israa, foi demolida o 17 de xaneiro de 2024. O ataque contra as institucións educativas palestinas non se debe ó azar, senón que é unha acción planificada con grande precisión, destinada a destruír os alicerces da cultura e da sociedade Palestina. Queren, cos ataques ás escolas e universidades, converter en cachotes o futuro dun pobo.

A Universidade de Vigo viviu estes últimos meses en medio dunha grande desmobilización. Ás concentracións que houbo nos distintos campus só se achegou un número reducido de persoas. Porén, a principios de maio un grupo de profesores e profesoras, alumnas e alumnos e PAS decidiu constituírse como un colectivo denominado "Uvigo por Palestina" para tentar mover a nosa Universidade cara a un compromiso activo co sufrimento indescribible de Palestina. Unha universidade pública debe estar sempre a prol da crítica, da denuncia da guerra, da colaboración coa xente máis desfavorecida neste mundo desapiadado. Debe berrar con afouteza un "non á barbarie".

Para para tentar organizar actividades de apoio nos próximos meses, convocamos a Universidade para que se reuna nunha nova asemblea o día 29 de maio de 2024 no Campus das Lagoas, Edificio Miralles, Sala 1, ás 16 00

Campus virtual: Sala Asemblea
Palestina. Clave estudantes: bAZZF94V.



6. Pedimos a dotación de recursos económicos para o recibimento e protección de estudantes, persoal académico e de administración, actualmente en situación de risco extremo, e para a participación na reconstrución das universidades de Gaza. Daquela, pedimos que a Universidade de Vigo, xunto co resto das universidades galegas, adopten o máis axiña que puideren medidas para contribuírmos á recuperación dos centros universitarios e programas de ensino en Gaza. Neste sentido, propomos que a nosa Universidade estude e adopte as seguintes medidas:

1. A creación dun fondo para a reconstrución material das universidades palestinas. Entre outras medidas, poderíase ofrecer ós grupos de investigación a posibilidade de doaren pequenas partes do seu orzamento para desenvolveren accións concretas neste proxecto de reconstrución, sempre que as distintas normativas o permitan.

2. A creación de bolsas para o alumnado universitario palestino vir estudar á Universidade de Vigo, con validación das materias cursadas, sempre en colaboración coas universidades palestinas. As necesidades das mulleres e das persoas máis desfavorecidas deberían ser priorizadas no outorgamento destas bolsas.

3. Que se procure convidar profesorado de entidades académicas palestinas para impartiren docencia, cursos extracurriculares e conferencias ao seu propio alumnado desprazado, se o houber, e a toda a comunidade universitaria.

4. Dunha forma xeral, suxerimos converter a axuda á reconstrución das universidades palestinas nun obxectivo estratéxico da nosa universidade para os vindeiros anos.